

1. QUE É O CONTROL DE ESFÍNTERES?

É un proceso de aprendizaxe que supón o paso dun comportamento reflexo automático a unha conduta voluntaria e controlada.

2. POR QUE É TAN IMPORTANTE?

O control de esfínteres é un proceso de suma importancia no desenvolvemento emocional, social e mental dos nenos e nenas.

Propicia a individualización, a autonomía, o reforzamento de normas e valores, e establece as bases da socialización, a través do cal, os nenos e nenas adquiren hábitos, destrezas, valores e motivos para ser capaces de converterse nuns membros responsables e produtivos da sociedade.

Se se logra de xeito satisfactorio xerará sentimentos de confianza e autoestima, os cales beneficiarán o seu desenvolvemento integral e harmónico. Pola contra, se o manexo durante este proceso non se dá de forma correcta ou non remata de consolidarse satisfactoriamente, na idade

adulto (ou mesmo na adolescencia) pódense presentar trazos de carácter mal adaptativos (inseguridade, desconfianza...)

3. A QUE IDADE COMEZA O CONTROL?

A idade non é un factor decisivo no inicio do adestramento no control dos esfínteres, a clave é asegurarse de que o neno ou a nena estean o suficientemente maduros, nos aspectos físico, fisiolóxico e psicolóxico, para poder controlar o funcionamento tanto intestinal coma vesical, o cal xeralmente flutúa arredor dos 2 e 3 anos de idade.

4. QUE NECESITA UN NENO PARA LOGRAR O CONTROL DE ESFÍNTERES?

- Que sexan respectadas as súas iniciativas e os seus ritmos propios de desenvolvemento.
- Confiar nas súas capacidades.
- Sentirse seguro nun ambiente afectivamente estable, cálido e continuo.
- Ser acompañados con empatía, cariño, entusiasmo e comprensión de esforzos.

- Ter conciencia de si mesmo, utilizando o eu e o meu.

- Posuír linguaxe comunicativa (poder ser entendido).

- Ter idea do esquema corporal básico (brazos, pernas, cabeza, etc).

- Recoñecer as nocións de arriba, abaixo, dentro, fóra, diante, detrás.

- Ter experiencias de primeiras eleccións (roupa, xoguetes...).

- Ter experiencia dalgunhas despedidas previas (chupete, biberón, berce...).

- Posuír destrezas motoras que lle permitan agacharse, xirar, subir, baixar, saltar.

- Ter habilidade para baixar e subir a roupa.

5. COMO SEI QUE O MEU NENO OU A MIÑA NENA ESTÁ PREPARADO/A PARA ESTE CONTROL?

- Cando se queixa do molesto que está o cueiro

- Cando ao cambiarlle notas que o cueiro cada vez se encontra máis seco

- Cando ao retirar o cueiro, o teu fillo/a consegue controlar as súas ganas de mexar, despois de pedircho.

- Cando o teu fillo/a sabe diferenciar as ganas de mexar ou evacuar.

6. COMO SE PODE APOIAR O NENO DURANTE ESTE PROCESO?

- Dar continuidade dende o seu inicio ata o logro do control de esfínteres para potenciar a aprendizaxe das nenas e dos nenos.
- Crear ambientes procuren que os nenos e nenas propicien o seu autocoidado, independencia e confianza.
- Evitar regresar ao cueiro, despois de retiralo.
- Evitar rifar, pegar ou ameazar o neno ou nena polos accidentes que poida presentar, xa que con esa actitude só se logrará angustialo.

7. O PASO A PASO DA RETIRADA DO CUEIRO

- Os pais deben estar na casa e convencidos de que é o momento.
- Explicar ao fillo/á importancia e en que consiste este gran paso para que el se faga maior. E pedirlle a súa colaboración.

- Retirar o cueiro durante o día e ensinar ao neno/a a acudir ao seu penico cando teña necesidade.

- É preciso levantalo 30 minutos antes, e despois de almorzar, asearse e vestirse, indicarlle que vaia ao penico.
- Nunca debe pasar máis de 20 minutos sentado/a no penico e podes poñerlle música relaxante ou deixarlle un libro, de forma que non o asocie cun castigo.
- Observar os sinais de que o neno/a ten ganas. Apertar as pernas ou saltar, son signos moi coñecidos e infalibles.
- Motivar sempre, felicitar e premiarlle cando consiga facer as súas necesidades no penico.
- Xamais lle rifes, nin castigos,... por non conseguir controlar os seus ouriños ou as súas feces. Fronte a un escape, dille que foi apenas un fallo e que confías en que poderá superalo.
- Cando consiga controlar as súas necesidades durante o día, é hora de empezar a retirada dos cueiros pola noite. Pode tardar un pouco máis xa que todo dependerá da súa maduración.

CONTROL DE ESFÍNTERES



Departamento de Orientación

CEIP de Arteixo

Avda Arsenio Iglesias 33B 15142 Arteixo
Tlfn/Fax 981 641 248
ceip.arteiro@edu.xunta.es

